# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Ramón Menéndez Pidal
CURSO: 2º BAC.
MATERIA: Psicoloxía
DEPARTAMENTO: Filosofía
DATA: 12/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ Utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc).<br>▪ Analizar as producións dos alumnos: esquemas e comentarios de texto..<br>▪ Realizar cuestionarios. | ▪ Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.<br>▪ Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicoloxía desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.<br>▪ Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.<br>▪ Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.<br>▪ Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.<br>▪ Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoos dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción).<br>▪ Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.<br>▪ Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir.<br>▪ Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana.<br>▪ Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.<br>▪ Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.<br>▪ Utiliza a túa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.<br>▪ Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da |

| | |
|---|---|
| | intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.<br>▪ Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.<br>▪ Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.<br>▪ Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.<br>▪ Teorías da personalidade.<br>▪ Fases do desenvolvemento da personalidade.<br>▪ Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.<br>▪ Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.<br>▪ Relación entre emoción e cognición.<br>▪ Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.<br>▪ Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva.<br>▪ Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.<br>▪ Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.<br>▪ Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica.<br>▪ Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon.<br>▪ Medidas para previr a conversión das persoas en masa.<br>▪ Analiza críticamente textos sobre a problemática anteriormente exposta. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>▪ Facer esquemas dos temas do libro de texto (editorial MaGrawHill ) relacionados cos estándares de aprendizaxe (temas 10, 11 e 14).<br>▪ Comentar catro textos de psicoloxía relacionados cos estándares de aprendizaxe.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>▪ Traballo individual; utilización de recursos e emprego de vocabulario axeitado; utilización de recursos dixitais (correo, webs, etc).<br>▪ Analizar as producións dos alumnos: esquemas e comentarios de texto.<br>▪ Realizar probas específicas: cuestionario de recuperación.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>▪ A cualificación final é a cualificación da 2ª avaliación (a evaluación é continua).<br>▪ Esta cualificación poderá verse incrementada ata 1 punto polo traballo realizado durante este 3º trimestre (0,5 pola esquema e 0,5 polos comentarios de texto). Tamén permitirá a recuperación da materia.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>▪ Realización dun exame de catro preguntas (2,5 puntos cada unha) sobre os contidos do 1º e 2º trimestre.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td><td>Criterios de avaliación:</td></tr>
<tr><td>Criterios de cualificación:</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:</td></tr>
</table>

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | ▪ Recuperación e ampliación |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | ▪ Ler o temas 10, 11 e 14 do libro de texto e facer o esquema.<br>▪ Comentar catro textos de psicoloxía.<br>▪ Visionar as películas e documentais publicados en Google Drive.<br>▪ As dudas e aclaracións serán resoltas a través do correo electrónico. |
| **Materiais e recursos** | ▪ Libro de texto<br>▪ Gravacións explicativas dos temas<br>▪ Material audiovisual |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.<br>▪ Páxina web do centro<br>▪ Abalar<br>▪ Aula virtual |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |